

VIII PREMIOS INTERNACIONAIS DE PÓDCAST

XOSÉ MOSQUERA PÉREZ, “O VELLO DOS CONTOS”

Con estas bases convocamos os VIII Premios de Pódcast en galego e portugués Xosé Mosquera Pérez, “O Vello dos Contos”, en colaboración co IES Rosalía de Castro, a Secretaría Xeral da Lingua da Xunta de Galicia, Arraianos Producións e outras entidades como Oral de Galicia, o Museo do Pobo Galego, a Fundación Rosalía de Castro, a EASD Mestre Mateo, ou institucións coma a Real Academia Galega, o Parlamento de Galicia, o Consorcio de Santiago e o Concello de Santiago.

OBXECTIVOS:

1. Promover a lingua e a cultura galega e portuguesa nos centros educativos.
2. Fomentar unha imaxe positiva e actual da lingua galega mediante a súa vinculación coas novas tecnoloxías da información e da comunicación, en concreto co uso e fomento do pódcast no eido educativo como ferramenta de innovación educativa cun extraordinario potencial.
3. Favorecer o uso da lingua entre a mocidade na oralidade e nas novas tecnoloxías.
4. Incentivar a creatividade, a produción e a difusión de material audiovisual e sonoro en galego e portugués no eido educativo.
5. Afortalar os vencellos de Galicia coa lusofonía e sensibilizar a sociedade sobre esta materia.
6. Facilitar o acceso a contidos educativos relacionados co uso do pódcast como ferramenta de innovación educativa e para o fomento das competencias de comunicación no alumnado.
7. Promover e divulgar a historia de Xosé Mosquera como figura de relevancia na Galicia de hoxe.

2. PÚBLICO DESTINATARIO:

1. O alumnado de centros de ensino de **educación primaria** de Galicia e Portugal.
2. O alumnado de centros de ensino de **educación secundaria**, así como doutros centros de ensino non universitario e dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral fóra de Galicia.
3. O alumnado de centros de **educación secundaria para adultos**, así como o doutros centros de ensino non universitario e dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral fóra de Galicia.
4. O alumnado das **universidades** de Galicia e Portugal.

www.ovellodoscontos.gal

[instagram.com/ovellodoscontos](https://www.instagram.com/ovellodoscontos)

[Spotify - Premios O Vello dos contos](#)

PREMIOS INTERNACIONAIS DE PÓDCAST
XOSÉ MOSQUERA PÉREZ
“O VELLO DOS CONTOS”

3. TEMÁTICA E CONDICIÓNS DE PARTICIPACIÓN:

Poden participar os pódcast orixinais e inéditos que estean relacionados coa figura de Xosé Mosquera Pérez, “O Vello dos Contos” ou cos inicios da radio en Galicia, así como os pódcasts relacionados con calquera das materias dos plans de estudos dos diferentes niveis educativos aprobados pola Xunta de Galicia.

Tamén poden participar os pódcasts relacionados con calquera aspecto da cultura tradicional e contemporánea galega e portuguesa en xeral, e nomeadamente na oralidade, a música, a regueifa, o rap, as tradicións, a gastronomía, a memoria democrática, a memoria familiar e, en xeral, calquera aspecto relativo á cultura, a literatura e a lingua galegas, os oficios, a artesanía, a emigración, a educación, a infancia, a xuventude ou a terceira idade.

Só se admitirán obras de creación sonora orixinais e inéditas, tanto individuais como colectivas, non presentadas a outros concursos, e que estean en lingua galega (segundo a normativa ortográfica vixente publicada pola Real Academia Galega) ou portuguesa (segundo o novo acordo ortográfico), **cunha duración máxima de cinco minutos.**

A **música** e os **efectos sonoros** que se empreguen deberán ser orixinais, ou estar libres de dereitos ou ter licenza de uso para este fin educativo. As obras difundiranse baixo a licenza «Creative Commons», que combine as propiedades «recoñecemento», «non comercial» e «compartir igual».

No caso do alumnado menor de idade, cada centro deberá contar coa autorización da nai, o pai ou representante legal para usar a súa imaxe nas accións de difusión do certame en webs, medios de comunicación, redes sociais, sempre con fins didácticos e sen ánimo de lucro.

4. SOLICITUDE, REQUISITOS E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

Para participar nesta convocatoria será necesaria a presentación dunha solicitude, enviada antes do 13 de febreiro de 2026, **DÍA MUNDIAL DA RADIO**, ao seguinte enderezo:

ovellodoscontos@arraianos.com

No asunto indicarse o título do traballo, o nome do centro e VIII Premios Xosé Mosquera Pérez.

Os pódcast que se presenten ao certame deberán ser enviados por correo electrónico antes do 1 de maio de 2026, ao enderezo electrónico do certame:

ovellodoscontos@arraianos.com

No asunto indicarse o título do traballo, o nome do centro ou da persoa autora e a referencia aos VIII Premios Xosé Mosquera Pérez.

Enviarase unha solicitude para cada traballo de pódcast, que debe incluír obrigatoriamente:

1. Breve sinopse de cada pódcast (un parágrafo).
2. Material gráfico (1, 2 ou 3 imaxes en formato .jpg ou .png) sobre o momento da gravación do pódcast ou do seu proceso de elaboración.
3. O formulario adxunto dispoñible na web do certame en: **http://www.arraianos.com/OVDC/Formulario_OVDC.pdf**
4. Arquivo ou enlace de descarga do pódcast (o enlace debe ser accesible durante todo o proceso de selección e valoración)

5. PRAZOS:

O prazo de presentación de solicitudes de inscricións finaliza o 13 de febreiro de 2026 e o de presentación e envío de traballos finaliza o 1 de maio de 2026.

www.ovellodoscontos.gal

[instagram.com/ovellodoscontos](https://www.instagram.com/ovellodoscontos)

[Spotify - Premios O Vello dos contos](#)

6. PREMIOS:

Establécese nesta edición un **GRAN PREMIO DE PODCAST “O VELLO DOS CONTOS”**, dotado con 1.500 euros, ao pódcast mellor valorado polo xurado, entre as seguintes categorías:

1) **Premio ao mellor traballo de primaria** de Galicia e dos centros que imparten ensinanzas de réxime xeral, do mesmo nivel, fóra da Comunidade Autónoma (diploma, escultura e lotes de libros).

2) **Premio ao mellor traballo de secundaria** de Galicia e doutros centros de ensino non universitario e dos que imparten ensinanzas de réxime xeral, do mesmo nivel, cursadas fóra da Comunidade Autónoma (diploma, escultura e lotes de libros).

3) **Premio ao mellor traballo de centros de ensino para adultos** de Galicia e doutros centros de ensino non universitario e dos que imparten ensinanzas de réxime xeral, do mesmo nivel, cursadas fóra da Comunidade Autónoma (diploma, escultura e lotes de libros).

4) **Premio ao mellor traballo realizado por alumnado universitario de calquera titulación** (diploma, escultura e lotes de libros).

5) **Premio ao mellor proxecto radiofónico** (diploma, escultura e lotes de libros). Nesta categoría poden participar os centros públicos ou privados non universitarios e outras entidades sen ánimo de lucro que contén cun proxecto radiofónico, podcast ou cunha emisora de radio estable, así coma calquera outra entidade que presente unha breve memoria de actividade cunha extensión máxima de 3 páxinas.

Haberá diplomas para os traballos finalistas e gañadores en cada categoría. Os gañadores de cada categoría recibirán unha escultura orixinal realizada por alumnado da EASD Mestre Mateo de Santiago, así como cadanseu lote de libros e un diploma acreditativo.

A gala de entrega de premios vaise celebrar no mes de maio ou xuño de 2026, antes de finalizar o curso, un evento onde as persoas autoras dos traballos gañadores e finalistas poderán recoller os seus premios. No caso de non asistiren, só se enviará o diploma acreditativo por correo postal.

Os traballos gañadores serán emitidos e divulgados online e poderán quedar accesibles a través das canles e plataformas da organización, das entidades colaboradoras e na web do certame:

www.ovellodoscontos.gal

7. VALORACIÓN E XURADO:

A valoración dos pódcast, así como a proposta de concesión dos premios, realizaraos o xurado, composto por un mínimo de 5 persoas designadas pola entidade organizadora e colaboradoras.

Nos criterios de selección valorarase especialmente:

- **A calidade lingüística, a expresividade e a interpretación, así como a capacidade comunicativa.**
- **A orixinalidade, a creatividade e a innovación.**
- **A calidade técnica do traballo.**

A decisión do xurado será inapelable e darase a coñecer uns días antes da entrega de premios.

8. DIFUSIÓN

Se as condicións o permiten, as obras gañadoras serán emitidas no acto público de entrega de premios desta VIII edición dos Premios de Pódcast Xosé Mosquera Pérez, que se realizará no IES Rosalía de Castro de Santiago ou noutro espazo que decida a organización, sempre antes do remate do curso escolar 2025-2026. A participación neste certame implica a aceptación total das súas bases.

O xurado reserva para si o dereito a interpretarlas cando sexa necesario para o seu bo desenvolvemento. A presentación a este certame implicará, no caso dos traballos premiados, a colaboración nas accións de difusión que se organicen na gala e cos medios de comunicación.

Moitas grazas pola vosa atención.

Escoitámonos!!

Un agarimoso saúdo da organización dos Premios Internacionais de Pódcast Xosé Mosquera “O vello dos contos”.

www.ovellodoscontos.gal

[instagram.com/ovellodoscontos](https://www.instagram.com/ovellodoscontos)

[Spotify - Premios O Vello dos contos](#)